

# MEMORIA DA BIBLIOTECA

## JOSE ÁNGEL VALENTE



**IES 12 DE OUTUBRO (Ourense)**

**CURSO 2019-2020.**

DIRIXIDO A:

DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS DA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN  
UNIVERSITARIA.

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia



## 1 INTRODUCCIÓN

Por segundo curso completo asumo a coordinación con ánimo e experiencia no traballo, algo que dá, polo menos tranquilidade. Con todo, de novo, deuse un paso atrás nas horas de dedicación á Biblioteca no equipo, xa que, salvando os recreos, as únicas horas de dedicación eran as tres que tiña este coordinador. No noso centro temos que agardar ó último trimestre para lograr unha dedicación completa, cando os compañeiros de ciclos formativos asumen horas de biblioteca, xa que os rapaces se incorporan as prácticas nas empresas. A crise do COVID-19 interrompe esta capacidade, e ten que facernos planificar unha nova biblioteca.

-Retomando as actividades ou proxectos non executados no último trimestre.

-Aumentando a adquisición de recursos dixitais.

-Avanzando un protocolo de apertura e uso.

De novo, como queda reflectido nas actividades, a nosa Biblioteca foi un lugar de encontro, vivo, dinámico, aberto á comunidade. Levar adiante o traballo dinamizador tamén foi grazas ao empeño persoal e a colaboración de moita xente, alumnos/as, profesores, pais, que non traballan día a día na Biblioteca pero que fan da mesma un lugar mellor.

*O coordinador da Biblioteca: Carlos Pérez Seara.*



HORARIO BIBLIOTECA IES 12 DE OUTUBRO


**GARDAS DE BIBLIOTECA.**

	Hora	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1	8:30 - 9:20					
2	9:20- 10:10				Carlos P. Seara	
3	10,10- 11,00	Carlos P. Seara				
	Recreo 11:00- 11:30	Luis Ramilo Ana B. Díaz	Elena Ojea Ana Escudero	Luisa Fernández Ana Escudero	Chus Méndez Ana Escudero	Luisa Fernández Pilar Lado
4	11:30- 12:20					
5	12:20- 13:10			Carlos P. Seara		
6	13:10- 14:00					
7	16:00- 16:50					
8	16:50- 17:40					

## 2 GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS

### Organización e xestión.

- Distribución do **carne de usuario** da biblioteca escolar e dunha **guía de normas e servizos** da Biblioteca. O curso pasado despois de moito tempo conseguimos repartir un carne físico. Continuamos este curso. A guía de normas e servizos foi repartida ao alumnado de 1º de ESO e había algúns exemplares na biblioteca a disposición dos usuarios interesados.




- **Entrega aos xefes de departamento dun formulario** para que comuniquen por escrito ao equipo de biblioteca as necesidades de fondos documentais, as lecturas incluídas no proxecto lector das súas programacións, e calquera demanda que teña que ver coas funcións desta: o formulario foi enviado e varios departamentos comunicaron as súas necesidades de fondos. A biblioteca procurou, na medida do posible, atendela, tendo en conta que a nosa prioridade é, sobre todo, ás lecturas obrigatorias do currículo de ESO e Bacharelato, xa que as condicións sociais e económicas do noso alumnado fan moi necesaria a compensación destas por parte do centro. Como nos últimos cursos os departamentos máis activos foron Galego, Lingua Castelá, Inglés, Latín e Ciencias Sociais.



- **Mantemento dos criterios de devolución de préstamos**, posibles sancións polo incumprimento das mesmas porque temos observado unha perda significativa de fondos todos os anos por esa razón. Igual que o curso pasado foron dedicadas moitas horas de traballo na biblioteca á busca de materiais sen devolver por alumnado e profesorado. De novo decidiuse que nos libros de lectura obrigatoria das distintas materias non se puidesen renovar os préstamos máis aló de 15 días para evitar que fosen retidos polos primeiros alumnos que os collen. Impedindo calquera tipo de préstamo ao alumnado que tivera libros fóra de prazo.
- **Adquisición e catalogación de novos materiais:** Seguimos aumentando o material audiovisual e os textos en galego, incidindo no ámbito da igualdade de xénero e os textos STEAM, en relación a cursos pasados. Todo foi catalogado no programa Meiga de xestión. Tamén achegamos de xeito puntual novas revistas e continuamos subscrición en papel de *National Geographic* e *Viaxes National Geographic*.

**Dinamización de recursos.**

- **Traballo na plataforma E-dixgal** por parte do profesorado que imparte no primeiro ciclo da ESO creando material de diferentes materias para mellorar a competencia lectora.
- Continuidade da **sección gamificadora**, destacando este curso o álbum de cromos creado en colaboración co departamento de Ciencias Sociais: Ver arquivos adxuntos.




- **Catalogación dos fondos** que aínda quedan nos departamentos didácticos: os **departamentos de Galego e Debuxo**, entregaron fondos que estaban nos mesmos para que pasaran á sala da biblioteca.
- **Difusión dos recursos dispoñibles**: elaboráronse cada trimestre **paneis informativos** das novidades que chegaron á Biblioteca. Tamén estaba na sala impresa en papel a guía de uso e servizos da biblioteca. Traballamos nas redes sociais Twitter, [@outubristas](#), Instagram, [@bibliotecadoce](#), [Youtube](#) e publicitamos os nosos pasos no [Facebook](#) do centro.
- **Continuidade da figura do alumno/a colaborador**. Entre as súas tarefas: axudar á catalogación dos fondos: pegar etiquetas, pór selos nos fondos, escribir os números de rexistro nos fondos; ordear fondos nos andeis; avisar por cursos aos alumnos/as morosos para que devolvan os fondos; ser vínculos entre o resto de alumnado do seu grupo e a biblioteca; achegar as súas propias ideas e suxestións para o mellor funcionamento da biblioteca...

### **Formación de usuarios**

- Reparto da **guía de normas e servizos** da Biblioteca escolar cun resumo da CDU nos cursos de 1º de ESO. Os primeiros días de curso, os rapaces que se incorporan ó centro baixan a Biblioteca a coñecer a dinámica da mesma e a importancia no día a día na vida do centro. Lugar de encontro e obradoiro de ideas, os máis pequenos captan cedo cal é o concepto da Biblioteca Escolar.
- Tomando como punto de referencia a tecnoloxía sinalar que **buscamos combater a fenda dixital, dándolle ó alumnado acceso á tecnoloxía da información**, para iso seguimos mellorando a prestación dos equipos informáticos na biblioteca. A idea é que sexan os bibliotecarios os que se adapten ós usuarios e non ó revés. Buscamos o desenvolvemento das competencias ALFIN deseñando pequenos proxectos (por exemplo, listado de páxinas webs con contidos de calidade por materias) para a mellora da competencia informacional.

## Fomento da lectura

- Conseguimos despois de presentarnos a **convocatoria da Consellería a concesión do Club de Letras**, todo un éxito no que participan activamente os membros do equipo de biblioteca e este coordinador. Defendemos a imaxinación, a exploración en todos os ámbitos, o xuízo ético e a memoria colectiva. E pensamos que un xeito único de traballar a interrelación entre as nosas materias é un xénero hoxe case esquecido, un anacronismo por recuperar. O xénero epistolar. A partir da lectura de cartas famosas redactadas por mulleres ó longo da Historia asentaremos o noso Club de Letras (ver adxunto na memoria). No cruce entre a historia e a literatura a carta é un recurso único da investigación multidisciplinar da Filosofía, das Linguas, e a Historia. Ver arquivos adxuntos.



- **Continuamos o Club de Lectura.** Con un éxito notable entre o alumnado, sentímonos especialmente orgullosos do Club de Lectura de pais que iniciamos o curso pasado, viveiro de convivencia e coñecemento entre os membros da comunidade educativa.
- Mantemos con éxito a **Hora de Ler e as Bibliotecas de Aula** (que teremos que revisar coa crise do COVID para o vindeiro curso).
- Realizamos **múltiples actividades, incidindo nas conmemoracións** destacadas ó longo do curso. A relación detallada das mesmas no seguinte punto.
- **Conseguimos unha maior implicación das familias.** Un exemplo e o **Club de Lectura de Pais** citado con anterioridade. Resaltar que a última reunión do Club celebrouse online, pola plataforma Webex, con resultados óptimos.



Entre os textos seleccionados.

*Kim ji young nacida en 1982 de Choo Nam-joo*

*Corazón tan blanco de Javier Marías.*



*Tiempos Recios de Mario Vargas Llosa.*

*Los millones de Santiago Lorenzo*

Adiados pola Crise do Covid

*O ano da lebre de A. Paasilinna*

*Carrusel de Berta Dávila*

9

- **Fomentamos a lectura nos Ciclos Formativos**, a pesar de ter que cancelar actividades previstas para o último trimestre como **Convértete en Portada** pola crise do COVID-19, incrementando notablemente os fondos de ámbito técnico na Biblioteca.

### **Biblioteca inclusiva.**

- Unha das eivas da nosa Biblioteca **eran os textos para nenos con necesidades educativas especiais e dificultades no proceso de aprendizaxe**. Este curso tentamos incrementar, de novo, o número de fondos destinado a este alumnado. Para seleccionar os textos traballamos en colaboración con Orientación e ó profesorado que imparte clase en Diversificación.

### **Outras actuacións.**

- Melloramos o mobiliario**, grazas ó presuposto do Plambe, con varios expositores e sobre todo cunha vella aspiración do equipo de biblioteca, unha mesa vitrina. A súa función será presentar pequenas mostras de obxectos, libros dedicados, fotografías, que teñan como protagonista á comunidade educativa do 12 de Outubro.



- Avanzamos un protocolo sobre uso da biblioteca coa crise do COVID**. Ver previsións de futuro.

### 3 ACTIVIDADES

#### I AVALIACIÓN

-Colaboración co departamento de Bioloxía no **Día da ciencia en galego** no mes de novembro. Dedicado a táboa periódica e as linguas indíxenas. Elaboramos a táboa a partir de camisetas realizadas polos alumnos, traballando por proxectos dende as diferentes materias esta temática.





-Mes da literatura de medo co gallo do *Samaín* en Novembro, cunha **exposición das cabazas, un concurso de epitafios,** e a recreación dun cemiterio coa colaboración do Departamento de Galego.



11

-O Departamento de Imaxe persoal lanza a Actividade **3 libros por cabeza,** durante o primeiro trimestre, consistente no reto de ler 300 libros entre o alumnado e profesorado do ciclo.

-Celebramos o Nadal, convocando un **concurso de tarxetas** en colaboración co Equipo de Normalización Lingüística e o Departamento de Debuxo, que foron expostas nos paneis da biblioteca.



-Para conmemorar o 25 de novembro creamos a Feminoteca con un expositor permanente e enchemos de lemas feministas os baños do centro.



## II AVALIACIÓN

-Dillo cun poema, coa adquisición de poemarios moi demandados polos alumnos, para conmemorar o día dos Namorados. Reparto de poemas e craveis ao alumnado por parte dos cupidos da Biblioteca (alumnos colaboradores).








-Tal e como presentamos no proxecto, realizamos **presentación de curtas** na Biblioteca con un éxito sobresaínte, destacando as de terror. A partir do curso que vén teremos que contar cun aforo limitado para realizar esta actividade, que non superará as 15 persoas, tal e como avanzamos no protocolo final.



- Celebrouse o Día de Rosalía coa lectura pública de fragmentos da súa obra e a difusión masiva nas redes da imaxe de Rosalía elixida polo centro. Elaboración por parte do alumnado dos diarios de Rosalía para regalar ás familias.



-Elaboramos a Guía de Viaxe a Florencia-Bolonia-Venecia, como complemento a excursión organizada polo centro, cancelada polo COVID-19. Ver material xerado pola Biblioteca.

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

L.E.S. 12 DE OUTUBRO  
Av. de Santiago, 2  
32001 Ourense  
Teléfono: 988788211

FONDO SOCIAL EUROPEO  
"El FEE impulsa a tu futuro"

### VIAXE DIDÁCTICA FLORENCIA-BOLOÑA-VENECIA

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia

2020

F  
L  
O  
R  
E  
N  
C  
I  
A

BOLOGNA

VENECIA



-Empregamos a biblioteca como **centro de recepción** nun ágape que deu o centro a diversas autoridades dentro Consellería. Multifuncionalidade.




15

-Formamos parte das **Tertulias Literarias do Concello**. Varios centros da cidade participamos na lectura, con 4º da ESO, de dous textos: *O meu nome é ninguén* de Manuel Esteban e *Malaherba* de Manuel Jabois. O obxectivo debater sobre os mesmos, primeiro entre os rapaces dos diferentes institutos e logo coa propia autora.



### III AVALIACIÓN

-Coa crise do **COVID 19** mantemos o contacto co alumnado a través das redes sociais. Dando recomendacións e folgos a todo o alumnado.



16

-No confinamento levamos adiante un **concurso de memes** históricos do que sae vencedor o exposto a continuación relativo á Primeira Guerra Mundial.





-Facemos unhas **orlas do alumnado de 4ª da ESO**, moi especiais, durante a crise do COVID a partir de Google Arts e coa aplicación *art selfie*. As imaxes son obras expostas en pinacotecas de todo o mundo que mostran rostros semellantes, algúns xemelgos, ós do noso alumnado. As nosas expresións, os nosos xestos, igual que as nosas ideas, impresas nos libros, veñen de lonxe. O resultado expone nas redes.





-Celebramos o 23 de abril día do libro en pleno confinamento, reflectindo cada día da semana unha **recomendación lectora por parte do claustro do 12 de Outubro nas nosas redes sociais.**



-E por suposto sumándonos a **celebración da Asesoría**, reivindicamos, librarías, autores e editoriais galegas.



19

-Publicación de textos de Carvalho Calero no **Día das letras galegas**.



Carlos  
@outubristas

Estudando 2º de Bup a miña profesora de galego, Manuela Ribeiro, deu Scórpico como lectura. O día das letras é para min un agarimoso recordo dela, e a parella Isaac Estraviz, loitadores incansábeis do reintegracionismo @bescolaresgal @bibourense @AcademiaGalega

Traducir chío



A biografía de Rafael Martínez Pinheiro constitui un romance que podemos chamar histórico, aínda que nel non figuran Cleopatra nem Marco António, mas si numerosos nomes que desempeñaron un papel na nosa vida colectiva nos anos dez e vinte e trinta deste século. Moitas persoas que coñeceron Scórpico, mesmo un compañeiro de estudos que comezou a escribir un relato sobre aquel, foron capaces de leír datos e impresións que deixan talvez máis sombras que luz a propósito do fugidio herói

-Participación na **Festa dos maios de xeito virtual**, elaborando un vídeo que se pode ver na plataforma Youtube <https://www.youtube.com/watch?v=GKuvCSec6Tw> na que os alumnos elaboran os seus propios maios e coplas no confinamento. Todo un luxo.

**MAIOS DO  
CONFINAMENTO 2020**  
**ALUMNADO DE 1º DE ESO**



-A partir deste novo escenario e seguindo as pautas marcadas pola Asesoría **valoramos a implicación e participación da comunidade educativa**, cunha valoración de menor a maior implicación.

Alumnado	0	1	2	3	4	5
Profesorado	0	1	2	3	4	5
E. directivo	0	1	2	3	4	5
Familias	0	1	2	3	4	5



Durante todo o curso:

-Continuamos coa aplicación do calendario da **Hora de Ler**, e difusión entre o profesorado e alumnado. Seguimos mantendo os vinte minutos de lectura diaria ó principio da hora de clase programada. Como estes anos, a *Hora de Ler* foi rotando ó longo dos seis períodos lectivos da mañá, e realizouse en toda a ESO.

-Mantemento das **Bibliotecas de Aula** do primeiro ciclo da ESO. Neste punto temos o problema do deterioro de material, e perda dalgún texto. O seu uso é diario para consultas puntuais, procura de información, lecturas persoais e lectura grupal. A revisar o vindeiro curso polo protocolo do COVID.

-Continuidade do **Club de Lectura e presentación do Roteiro Literario: O**

**Mondoñedo de Álvaro Cunqueiro ( Da casa museo á cova do rei Cintolo )** adiado pola crise do Covid. En canto o Club está formado por dous grupos, un para o primeiro ciclo da ESO e outro para profesorado e persoal non docente. **O coordinador Luca Rosato profesor de Lingua Castelá.**



## REUNIÓN CLUB DE LECTURA ALUMNADO:

### 1º de ESO – títulos lidos:

- Omnia, Laura Gallego
- Donde los árboles cantan, Laura Gallego
- Coraline, Neil Gaiman

### 2º de ESO:

- El señor Ibrahim y las flores del Corán, Éric-Emmanuel Schmitt

### FP Básica:

- La delicadeza, David Foenkinos
- La historiadora, Julia Kostova

#### 4º de ESO:

- La nieta del señor Lihn, Philippe Claude

#### 1º BAC:

- Mendel el de los libros e Carta de una desconocida, Stefan Zweig
- Novecento, Alessandro Baricco

#### 2º BAC – títulos lidos:

- La uruguayaya, Pedro Mairal
- El verano en que mi madre tuvo los ojos verdes, Tatiana Tibuleac

### 4 AVALIACIÓN

-Atendendo ós criterios de avaliación expostos no noso proxecto de biblioteca escolar, temos que destacar que a dispoñibilidade dos profesores de garda de biblioteca de novo retrocedeu. . No curso 2019-2020, no primeiro e segundo trimestre, as únicas horas de traballo de biblioteca, fóra do recreo (onde domina a actividade de préstamo), foron 3. As horas son insuficientes para dar unha atención completa ó alumnado e elaborar un programa de actividades que depende da boa vontade dun equipo de biblioteca sen horas. No último trimestre aumentan as horas presenciais fóra do recreo, grazas a incorporación dos compañeiros de ciclos formativos, pero coa crise do COVID 19 paralizouse tamén esta situación. Temos o compromiso do equipo directivo da continuidade do Equipo de Biblioteca para seguir creando unha biblioteca con capacidade de adaptación, e iniciativa sendo un elemento clave para a innovación pedagóxica.

-En canto ó funcionamento e utilidade do programa MEIGA, a avaliación é positiva para a catalogación e o servizo de préstamo, pero deben ser melloradas as opcións do programa que permiten a obtención de estatísticas de libros e usuarios e a posibilidade de traballar importando rexistros desde a Biblioteca Nacional que é a máis completa para os materiais que nós temos e que nos facilita moito o traballo de rexistro e catalogación.

-Respecto á dispoñibilidade dos documentos e o servizo de préstamo, non houbo dificultades salientables. **Os fondos catalogados neste curso foron: material textual 235 volumes, 17 audiovisuais, e 6 novos xogos.** No tocante ás estatísticas de uso os préstamos realizados (libros, DVDs e CDs) foron uns 600; os catro primeiros lectores máis activos foron alumnos de 4º da ESO. Neste punto temos que destacar a presenza notable feminina nesta estatística. De novo reveláronse os cursos inferiores como os lectores máis activos.

Os textos máis prestados son:

**1 *As bruxas de Roald Dahl***

**2 *Orgullo y prejuicio de Jane Austen***

**3 *O que sei do silencio de Andrea Maceiras***

**4 *Escarlatina a cocinheira defunta de Leticia Costas***

**5 *La Fundación de Buero Vallejo***

**6 *POET X de E. Acevedo***

Destacar tamén entre os máis prestados dous libros técnicos que indican a crecente presenza do alumnado de ciclos na biblioteca.

***-Fundamentos de metrología dimensional de M. Piñeiro***

***-Verificación de productos de S. Gómez***

**Por xéneros destacan como máis prestados a novela romántica, a novela de terror, e o cómic histórico.**



Este curso non foi posible pasar de xeito presencial a avaliación final ós rapaces, algo que realizamos no último trimestre. Fíxose de xeito virtual cunha resposta desigual por parte da comunidade escolar. Enquisa e resultados a continuación.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**I.E.S. 12 DE OUTUBRO**  
Av. de Santiago, 2  
32001 Ourense  
Teléfono: 988788211  
ies.12.outubro@edu.xunta.es



Bibliotecas  
escolares  
de Galicia



## BIBLIOTECAS ESCOLARES E HÁBITOS DE LECTURA

Pedímosche colaboración para coñecer os hábitos de lectura do alumnado. Le con atención e sinala cun X a túa resposta. Grazas pola túa axuda.

Datos do centro: Nome do centro: \_\_\_\_\_

Localidade: \_\_\_\_\_ Provincia: \_\_\_\_\_ Rapaza \_\_ Rapaz \_\_

Cuestionario:

### 1. Acostumas ir á biblioteca do teu centro...

- Nos recreos
- En horario de clase
- Fóra do horario de clase
- Non vou nunca

### 2. Con que frecuencia acodes á biblioteca escolar do teu centro, pola túa conta?

- Case todos os días
- Unha ou dúas veces á semana
- Unha ou dúas veces ao mes
- Algunha vez durante o curso
- Nunca

### 3. Con que frecuencia vas á biblioteca escolar, cos teus profesores ou profesoras?

- Case todos os días
- Unha ou dúas veces á semana
- Unha ou dúas veces ao mes
- Algunha vez durante o curso
- Nunca

### 4. O que máis utilizas na biblioteca son (podes marcar tres tipos de materiais)



- Relatos, novelas, poesía, teatro
- Revistas e xornais
- Cómico
- Dicionarios e enciclopedias
- Vídeos, CD ou DVD

**5. Sinala as actividades que realizas cando vas á biblioteca:**

- Ler libros (relatos, novela, cómic, poesía...)
- Ler revistas e xornais
- Xogar empregando o material do espazo fedelleiro.
- Consultar dicionarios, enciclopedias e outros libros informativos
- Consultar información en internet
- Ver películas ou escoitar música
- Estudar, facer os traballos de clase
- Elaborar traballos empregando o ordenador
- Levar libros en préstamo
- Enviar correos electrónicos, "chatear", xogar no ordenador.
- Participar en actividades de animación á lectura (exposicións, presentacións ou charlas sobre libros, club de lectura, encontros con autores...)
- Participar en actividades de educación en información (aprender a usar os materiais da biblioteca, a facer traballos consultando enciclopedias, a buscar información en internet...)
- Outras:.....

**6. Que tipo de materiais acostumas levar en préstamo?**

- Libros que me gustan
- Libros de lectura obrigatoria en determinadas materias ou disciplinas
- Libros para realizar traballos de clase
- Películas e/ou música

**7. Como che gustaría que mellorase a biblioteca do teu centro?**

- Que houbese máis libros do meu gusto
- Que houbese máis documentos electrónicos (DVD, CD-ROM...)
- Que houbese máis información sobre os temas que me interesan.  
Cales? \_\_\_\_\_

- Que a biblioteca estivese aberta máis horas
- Utilizala co profesorado, con maior frecuencia
- Que houbo máis ordenadores conectados a internet
- Que houbo máis actividades interesantes sobre lectura (club de lectura, charlas, presentacións...)
- Que se puidesen facer traballos en grupo
- Que se puidesen facer os traballos coa orientación dun profesor, fóra do horario de clases
- Que houbo máis espazo para ler e para traballar

**8. Vas algunha vez á biblioteca pública do teu barrio ou do teu pobo?**

- Ás veces
- Con moita frecuencia
- Case nunca
- Nunca

**9. Gústache ler?**

- Algo
- Bastante
- Moito
- Nada

**10. Se estás a ler neste momento algún libro, ¿de onde procede?**

Préstamo  biblioteca escolar  biblioteca pública  biblioteca familiar  amigos/as  
 Propio

**11. ¿Que che inflúe na elección dun libro? Recomendación de**

amigos/as  profesores/as  familia  publicidade

**12. As persoas coas que vives len:**

- Algo
- Bastante
- Moito
- Nada

**13. Calcula cantos libros haberá na túa casa**

0 / 10  10 / 50  50 / 100  Máis de cen

**14. Cantos libros les ao mes?**

Ningún  1-2  3-5  Máis de 5

### 15. Que che gusta ler máis? Ordena do 1 ao 10

Poesía  Libros de coñecemento

Contos  Revistas

Novelas  Xornais

Cómico  Literatura multimedia

Teatro  Outros

-O máis salientable é que os alumnos acostuman ir nos recreos unha ou dúas veces por semana. Cos profesores unha ou dúas veces ó mes. Este curso seguiu mellorando a presenza do profesorado impartindo clase na biblioteca. Nela maioritariamente **estudan, realizan traballos, xogan (sigue un notable incremento con respecto a cursos pasados)**, levan préstamos, empregan os ordenadores, para xogar ou traballar, e asisten a actividades e exposicións.

-Entre o máis lido **destaca a novela romántica, de terror e o cómic histórico.**


**-O alumnado demanda que a biblioteca estivera aberta máis horas,** sobre todo os alumnos de ciclos formativos que empregan maioritariamente a mesma para estudar.

-Respecto ao nivel de formación dos usuarios temos que destacar a colaboración dos profesores que usaron a biblioteca como aula, traballando na localización e uso de documentos e recursos informáticos en 1º de ESO.

-Tocante ao programa de actividades de animación á lectura, tivemos unha ampla participación, sobre todo cos cursos inferiores. As estatísticas amosan un número de préstamos que indica un nivel do hábito lector aceptable.

-A utilización na biblioteca das novas tecnoloxías da información foi constante ao longo do curso, o que permitiu mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe. De todos os xeitos observamos problemas no uso dos ordenadores nos recreos, e unha certa masificación antes das avaliacións pola entrega de traballos. Teremos que establecer quendas coa nova situación xerada polo COVID-19.

-A valoración xeral do funcionamento do noso proxecto de biblioteca escolar por parte da comunidade educativa é positiva, consideramos necesario continuar no PLAMBE para acadar os novos obxectivos dende a coordinación, e darlle a continuidade a piares básicos do ámbito educativo: a lectura, a igualdade de oportunidades, e a convivencia.



- Consistirá en vinte minutos diarios de lectura libre en TODOS os cursos da ESO durante os **primeiros vinte minutos da clase**.
- O alumno elixirá o libro de lectura (obrigatorio ou non) sen máis límites que o sentido común.
- O aporte horario á HORA DE LER será a contribución **mínima** das materias ao PROXECTO LECTOR. Ademais cada materia poderá ter un programa lector propio con actividades relacionadas coa natureza dela.
- En **diversificación curricular** seguirase o horario xeral sempre que sexa posible e non se desequilibre a carga horaria dos ámbitos.
- O sistema de organización da HORA DE LER será o seguinte:
  - a) O tempo de lectura será o mesmo para toda secundaria (todos len á primeira hora, á segunda etc...).
  - b) Para evitar a concentración nalgúns materias a HORA DE LER modificarase cada semana. **A primeira semana, a 1ª hora.**  
**A segunda semana, a 2ª hora.**

**A terceira semana, a 3ª hora. etc...**

Pola tarde **non haberá** HORA DE LER . Cada quenda terá unha duración de seis semanas (en principio repetíranse cinco veces ao longo do curso escolar). Colocarase un plan mensual informativo nos taboleiros de cada aula e na mesa do profesor.

- c) Os profesores reflectirán no dorso do parte o cumprimento ou alteración do horario de lectura libre e calquera incidencia que teña que ver con ela.
- d) O titor, na primeira sesión de tutoría cos alumnos, explicará o funcionamento da HORA DE LER, e insistirá na **obligatoriedade da mesma**. Cada alumno traerá o seu propio libro e, en caso de non ter ningún, poderá pedilo prestado á biblioteca escolar **que está aberta todos os recreos**.
- e) Os alumnos que non traian libro e non poidan acceder á biblioteca nese momento, disporán de libros na Sala de Profesores previa petición ó profesor de garda. A falla reiterada do material de lectura por parte dalgún alumno, suporá unha falta de orde.
- f) O equipo de biblioteca avaliará coa colaboración do profesorado e alumnado a HORA DE LER atendendo ao número de sesións realizadas, ao número de títulos lidos, ás variacións dos hábitos lectores e ao grao de satisfacción da comunidade escolar.

Tendo en conta que a competencia lingüística é unha das debilidades do noso centro, consideramos moi importante que o profesorado se implique na mellora do nivel lector dos nosos alumnos xa que redundará en beneficio dos resultados académicos e da calidade do ensino do noso centro.

## CALENDARIO SEMANAL “HORA DE LER”

CALENDARIO SEMANAL “HORA DE LER” 2019-2020  
1ª AVALIACIÓN para todos os cursos da ESO

SEMANA DO 30 DE SETEMBRO AO 4 DE OUTUBRO	1ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 1ª hora de clase
SEMANA DO 7 AO 11 DE OUTUBRO	2ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 2ª hora de clase
SEMANA DO 14 AO 18 DE OUTUBRO	3ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 3ª hora de clase
SEMANA DO 21 AO 25 DE OUTUBRO	4ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 4ª hora de clase
SEMANA DO 28 DE OUTUBRO AO 1 DE NOVIEMBRE	5ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 5ª hora de clase
SEMANA DO 4 AO 8 DE NOVIEMBRE	6ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 6ª hora de clase
SEMANA DO 11 AO 15 DE NOVIEMBRE	1ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 1ª hora de clase
SEMANA DO 18 AO 22 DE NOVIEMBRE	2ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 2ª hora de clase
SEMANA DO 25 DE NOVIEMBRE AO 29 DE NOVIEMBRE	3ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 3ª hora de clase


CALENDARIO SEMANAL “HORA DE LER” PARA A 2ª AVALIACIÓN para todos os cursos da ESO

SEMANA DO 8 AO 10 DE XANEIRO	4ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 4ª hora de clase
SEMANA DO 13 AO 17 DE XANEIRO	5ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 5ª hora de clase
SEMANA DO 20 AO 24 DE XANEIRO	6ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 6ª hora de clase
SEMANA DO 27 DE XANEIRO AO 31 DE FEBREIRO	1ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 1ª hora de clase
SEMANA DO 3 AO 7 DE FEBREIRO	2ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 2ª hora de clase
SEMANA DO 10 AO 14 DE FEBREIRO	3ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 3ª hora de clase
SEMANA DO 17 AO 21 DE FEBREIRO	4ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 4ª hora de clase
SEMANA DO 24 AO 27 DE FEBREIRO	5ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 5ª hora de clase

29

CALENDARIO SEMANAL “HORA DE LER” PARA A 3ª AVALIACIÓN para todos os cursos da ESO

SEMANA DO 23 AO 27 DE MARZO	6ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 6ª hora de clase
SEMANA DO 30 DE MARZO AO 3 DE ABRIL	1ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 1ª hora de clase
SEMANA DO 14 AO 17 DE ABRIL	2ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 2ª hora de clase
SEMANA DO 20 AO 24 DE ABRIL	3ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 3ª hora de clase
SEMANA DO 27 DE ABRIL AO 1 DE MAIO	4ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 4ª hora de clase
SEMANA DO 4 AO 8 DE MAIO	5ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 5ª hora de clase
SEMANA DO 11 AO 15 DE MAIO	6ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 6ª hora de clase
SEMANA DO 18 AO 22 DE MAIO	1ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 1ª hora de clase
SEMANA DO 25 AO 29 DE MAIO	2ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 2ª hora de clase
SEMANA DO 1 AO 5 DE XUNO	3ª HORA DE CLASE	Lectura nos primeiros 20 minutos da 3ª hora de clase





## 5 PREVISIONS DE FUTURO

Elaboramos , dende a incorporación a finais de maio, un protocolo para a nova realidade marcada polo COVID.

### USO DA BIBLIOTECA



**A biblioteca terá un aforo máximo de 15 alumnos.**

**O alumnado debe hixienizar as mans antes e despois da estancia na sala.**

**Co fin de manter a distancia de seguridade os postos marcados non poderán ser empregados.**

**Ao rematar, os usuarios da biblioteca hixienizarán os postos que teñan ocupado.**

**O préstamo e devolución farase de xeito persoal sen intermediarios.**

**En caso de precisar un libro ou material o profesor será o encargado de coller o libro dos andeis.**

**O material devolto deberá permanecer en caixas identificadas e illadas como mínimo 14 días.**

**Evitarase o uso de xogos de mesa e semellantes cando implique un uso compartido.**

**Ies 12 de outubro**



As **nosas liñas directrices** para o curso vindeiro buscaran:

-Incrementar a visibilidade dos recursos presentes na biblioteca, nun momento moi delicado a nivel emocional.

-Retomar actividades e proxectos non executados no curso anterior (Pasaporte cultural, Olimpiada do saber, ou Convértete en portada).

-Deseñar actividades de xeito virtual, a través de Webex, tendo en conta a diminución do aforo da biblioteca o vindeiro curso.

-Potenciar adquisición de recursos dixitais (por exemplo, a finais de maio levamos adiante a subscrición dixital ó Diario Nós e ó País).

Coordinador da Biblioteca

Carlos Pérez Seara



**VISADO: Directora do IES 12 DE OUTUBRO. BEATRIZ RODRÍGUEZ REGO**

Xuño 2020.

A directora

Asdo. Beatriz Rodríguez Rego